

Resolución reitoral pola que se convocan bolsas para a produción e desenvolvemento do proxecto artístico *Future Stories* para estudantado do grao de Belas Artes

O estudantado da Universidade de Vigo, de conformidade co establecido no artigo 64.h dos Estatutos da Universidade de Vigo, ten dereito a beneficiarse das distintas axudas e bolsas que a universidade e outras institucións establezan ao seu favor, coa finalidade de que ninguén quede excluído do estudo por razóns económicas.

A Universidade de Vigo e Marta Ortega Pérez, promotora da exposición “Peter Lindbergh-Untold Stories”, conscientes do valor e transcendencia da creación plástica e visual no desenvolvemento humano e social na sociedade galega, teñen asinado un convenio co obxecto de promover á arte máis emerxente da Comunidade Autónoma, e o fan a través da única facultade de Belas Artes no sistema universitario galego.

Unha vez vista a *Lei 9/2007 de subvencións de Galicia*, as disposicións aplicables da *Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións* e as súas normativas de desenvolvemento.

En virtude das facultades que lle outorgan a *Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro de universidades* e o artigo 72 do *Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro*, polo que se aprobaron os Estatutos desta universidade,

ESTA REITORÍA RESOLVE:

1. Convocar, en réxime de concorrencia competitiva, un máximo de 10 bolsas para á produción e desenvolvemento do proxecto *Future Stories* que se xestionarán de acordo coas bases reguladoras que figuran no anexo I.
2. Publicar esta convocatoria e as bases que a regulan no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da Universidade de Vigo.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte da súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte de se publicar a presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia unha resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na *Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación RR 26/05/2020 (DOG 04/06/2020)

A vicerreitora de Captación de Estudantado, Estudiantes e Extensión Universitaria,
(*Natalia Caparrini Marín*)



CSV : GEN-0731-ccd3-659f-c4f0-84ae-1e80-43fa-d38a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:13 | NOTAS : F

ANEXO I

BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA A PRODUCCIÓN E DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO ARTÍSTICO *FUTURE STORIES***1. OBXECTO**

Esta convocatoria ten por obxecto impulsar e promover ás carreiras dos/as estudantes do último ano do Grao en Belas Artes a través do desenvolvemento dun proxecto artístico a partir dos Traballos de Fin de Grao (TFG). Os TFG son o proxecto individual máis persoal do estudantado e tamén o último elo académico previo á súa vida profesional.

O proxecto consta de tres fases, unha fase de selección do estudantado, unha fase de desenvolvemento dos proxectos artísticos, e unha fase de exposición colectiva destes proxectos.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar bolsa o estudantado que cumpra os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado no curso 2021/2022 no Traballo fin de Grao (TFG) no Grao de Belas Artes da Universidade de Vigo.
- b) Presentar a memoria do TFG na que se especifiquen en todos os seus termos as ideas do seu proxecto, así como un completo e detallado *dosier* de imaxes da obra cos resultados finais obtidos.

Non poderán ter a condición de beneficiario/a as persoas nas que conorra algunha das circunstancias establecidas no artigo 13.2 da *Lei 38/2003 xeral de subvencións, de 17 de novembro*.

3. INCOMPATIBILIDADES

As bolsas establecidas nesta convocatoria son incompatibles con calquera outra axuda da mesma natureza e para a mesma finalidade.

O importe das bolsas en ningún caso poderá ser de tal contía que de xeito illado ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o coste da actividade subvencionada segundo establece o artigo 19.3 da *Lei 38/2003 de 17 de novembro, xeral de subvencións*.

4. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a esta bolsa irán con cargo á aplicación orzamentaria 2022 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito orzamentario retido ascende a 40.000,00 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.

2. A contía individual da bolsa será de 4.000 €. Os proxectos artísticos desenvolvidos polos beneficiarios da bolsa amosaranse nun espazo expositivo de referencia do que se anunciará lugar e data con antelación. Ademais as e os artistas premiados contarán cun catálogo que reunira o conxunto dos proxectos e a exhibición pública dos resultados.

3. O pagamento da bolsa efectuarase en dous prazos mediante transferencia á conta bancaria indicada pola persoa beneficiaria na súa solicitude e da que deberá ser titular:

- 2.000 euros no momento de adxudicación da bolsa
- 2.000 euros unha vez que se verifique o cumprimento de obrigas establecido na base 9 desta convocatoria.

5. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

1. As persoas solicitantes deberán cubrir o **formulario en liña** no seguinte enlace https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/9636, **descargalo e presentalo**



CSV : GEN-0731-ccd3-659f-c4f0-84ae-1e80-43fa-d38a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:13 | NOTAS : F

na sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da instancia xenérica (SXER) existente na sede, e pór como **asunto** "Proxecto *Future Stories*", achegando unicamente o formulario coa solicitude.

Para a presentación electrónica deste procedemento, a sede electrónica da Universidade de Vigo dispón de instrucións de axuda que os/as solicitantes deberán observar en todo momento https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2020-06/Guia_rexistro_instancia_xenerica_gl.docx.pdf. No caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de presentación dos formularios, poderán dirixirse ao enderezo electrónico sede@uvigo.gal.

O modelo específico de presentación de solicitudes é de uso obrigatorio para as persoas interesadas neste procedemento (art. 66.6 da *Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*). Se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, se lle requirirá para que a presente electrónicamente. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que se realizou a emenda, de acordo ao artigo 68.4 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

2. O prazo de presentación das solicitudes comeza o día seguinte a publicarse esta convocatoria e remata o **30 de xuño de 2022** ás 23:59 horas (hora peninsular española).

3. No formulario en liña achegarase a seguinte documentación (non hai que subir a documentación á sede electrónica):

- Memoria do TFG
- Breve *currículum* acompañado de documentación gráfica de obras realizadas con anterioridade.

Tamén se lles poderá requirir que acheguen outra documentación que resulte necesaria para avaliar correctamente os requisitos e méritos alegados. O feito de non achegar a documentación requirida será causa de exclusión.

6. SELECCIÓN E RESOLUCIÓN

A Sección de Axudas e Bolsas, logo de rematar o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas e a documentación presentada, publicará a listaxe **provisoria de solicitudes admitidas e excluídas**, coa mención da causa de exclusión.

As persoas interesadas disporán dun prazo de **cinco días hábiles** contados desde o día seguinte á publicación para emendar os erros, as causas de exclusión e a falta de documentación. Para tal fin, presentarán o **formulario de alegacións** na Secretaría Virtual. De non presentar emenda entenderase que desiste da súa solicitude previa resolución ditada conforme á *Lei 39/2015 de 1 de outubro*.

A selección será efectuada polo xurado de acordo cos seguintes criterios:

- Orixinalidade da obra a expoñer: ata 25 puntos
- Interese conceptual e temático da obra a expoñer: ata 30 puntos
- Calidade formal e técnica da obra a expoñer: ata 25 puntos
- Outras aportacións de interese que conteña a obra a expoñer: ata 10 puntos
- *Currículum*: ata 10 puntos

Non poderá ser seleccionado ningún proxecto que non acade a puntuación mínima de 50 puntos.

O xurado está composto por:

Presidente: Xosé M. Buxán Bran, decano e profesor da Facultade de Belas Artes

Vogais: Covadonga Barreiro Rodríguez-Moldes, coordinadora de TFG e profesora da Fac. de Belas Artes
Consuelo Matesanz Pérez, secretaria académica e profesora da Facultade de Belas Artes



Ramón Rozas, crítico de arte e comisario independente
Unha persoa en representación da promotora do proxecto

Se, por calquera causa, no momento en que o xurado teña que examinar as solicitudes, algún/algúnha dos/das compoñentes non pode asistir, substituirase pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da mesma unidade, órgano, entidade ou colectivo.

Unha vez que o xurado efectúe a selección, a Sección de Axudas e Bolsas publicará a **listaxe provisoria de persoas con bolsa concedida, denegada** coa mención da causa de denegación e a **listaxe de agarda** para o caso de existiren renuncias.

As persoas interesadas poderán presentar as alegacións no prazo de **cinco días hábiles**, contados desde o día seguinte á publicación. Para tal fin presentarán o *formulario de alegacións* na Secretaría Virtual.

Unha vez que o xurado revise as alegacións, enviaralle a proposta á vicerreitora de Captación de Estudantado, Estudantes e Extensión Universitaria quen adxudicará as bolsas mediante a correspondente resolución.

As persoas interesadas poderán entender desestimadas as solicitudes de non se ditar unha resolución expresa no prazo de 3 meses contados desde o día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes.

A resolución conterá a listaxe definitiva de persoas con bolsa concedida e a súa contía, con bolsa denegada e a causa de denegación, e a listaxe de agarda para o caso de existiren renuncias.

Unha vez adxudicada a bolsa procederase ao estudo e avaliación coas persoas seleccionadas do seu proxecto de cara a exposición. Para elo o xurado entrevistarse con cada unha delas de cara a preparar e presentar nas mellores condicións posibles a súa obra na exposición que se celebrará posteriormente.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses que comezará a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na *Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa*.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á súa publicación, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As listaxes ás que se refire este punto así como a resolución de adxudicación publicaranse no taboleiro da sede electrónica sede.uvigo.gal/ e no [portal de bolsas](#) da web da universidade, cos efectos de notificación previstos no artigo 45 da *Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas*.

As comunicacións individuais que resulten necesarias realizaranse no enderezo electrónico sinalado na solicitude, sen que estas teñan a consideración de notificación.

7. RENUNCIA

A renuncia voluntaria deberá realizarse mediante o formulario de renuncia existente na secretaria virtual e presentado na sede electrónica da Universidade de Vigo (sede.uvigo.gal) dirixido á Sección de Axudas e Bolsas, xunto co xustificante de reintegro da contía correspondente no caso de terse efectuado o pagamento. As renuncias aceptadas darán lugar á perda dos dereitos económicos e á concesión da bolsa á seguinte persoa da listaxe de agarda.



8. OBRIGAS

A persoa beneficiaria deberá:

- Desenvolver e finalizar o seu proxecto nos prazos que se determinarán na resolución de adxudicación.
- Realizar na data prevista para a exposición a entrega dun número a determinar de pezas, entrega que será acreditada polo presidente do xurado.
- Superar o TFG no curso 2021/2022

Ademais o/a beneficiario/a debe cumprir as obrigas recollidas no artigo 14.1 da *Lei 38/2013, de 17 de novembro, xeral de subvencións*, que lle sexan de aplicación.

9. REINTEGRO DAS BOLSAS E PERDA DO DEREITO AO COBRO TOTAL OU PARCIAL

Son causas de reintegro e perda do dereito ao cobro destas bolsas:

- Non cumprir os requisitos e as obrigas recollidas na convocatoria.
- Ocultar datos, alteralos ou manipular a información solicitada.
- Incurrir nalguna das causas de incompatibilidade establecidas nesta convocatoria.

A persoa beneficiaria que incorra nalguna destas causas está obrigada a reintegrarlle á Universidade a cantidade indebidamente percibida.

10. TRANSPARENCIA

1. De conformidade co artigo 17 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, e co artigo 15 da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*, a Universidade de Vigo publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas, así como as sancións que puideren impoñerse, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da *Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno*, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Universidade de Vigo, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei. Porén, non será necesaria a publicación cando o órgano concedente xulgue que se dan as previsións do artigo 15.2.d) da *Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia*.

11. PROTECCIÓN DE DATOS

Información sobre a política de protección de datos en [https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto %20proteccion datos para CONVOCATORIAS bolsas.pdf](https://www.uvigo.gal/sites/uvigo.gal/files/contents/paragraph-file/2019-11/Texto_%20proteccion%20datos%20para%20CONVOCATORIAS%20bolsas.pdf)



CSV : GEN-0731-ccd3-659f-c4f0-84ae-1e80-43fa-d38a

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : <https://portafirmas.redsara.es/pf/valida>

FIRMANTE(1) : NATALIA CAPARRINI MARIN | FECHA : 13/05/2022 14:13 | NOTAS : F